

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 311/1992, do 12 de novembro, sobre supresión da cédula de habitabilidade.

O artigo 47 da Constitución española establece que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo o dereito de tódolos españois a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada. En virtude da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda, o Decreto 240/1989, do 19 de outubro, sobre habitabilidade das vivendas, dirixiu os seus esforzos ó cumprimento do citado mandado constitucional:

—No plano material, o cadro de condicións mínimas de habitabilidade que establece no seu anexo supuxo a superación dunha normativa notoriamente desfasada e insuficiente segundo os criterios de calidade de vida propios do actual contexto social e cultural do noso país.

—No plano procedementa, a eliminación do visado previo de habitabilidade dos proxectos de construción de vivendas representa un importante esforzo no proceso de simplificación do control administrativo sobre a habitabilidade das vivendas, o protagonismo do que pasa a recaer, nesta fase de proxecto, nos Concellos, toda vez que o cumprimento daquelas condicións mínimas de habitabilidade deberá de ser verificado polos seus servizos técnicos con carácter previo á concesión da licenza municipal de obras.

O esforzo pola simplificación procedementa esténdese tamén ó trámite de expedición da cédula de habitabilidade, que mantén a súa configuración tradicional como documento acreditativo da aptitude da edificación residencial xa construída, establecéndose, baixo as consignas de maior accesibilidade e menor dilación, un novo procedemento para a súa expedición polas delegacións provinciais da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que, con excepción dos supostos en que mediara convenio de delegación cos Concellos respectivos, son os órganos competentes nesta fase de control. O procedemento establecido polo comentado decreto céntrase coa expedición da licenza municipal de primeira ocupación, para o cal será requisito imprescindible a presentación da cédula de habitabilidade.

A aplicación do referido decreto puxo de relevo que, aínda cando se ten dado un paso importante, o proceso de simplificación do procedemento de control administrativo sobre a habitabilidade das vivendas dista moito de poder considerarse cerrado: a súa estruturación sobre a base dunha duplicidade de instancias comporta unha carga burocrática excesiva que dilata innecesariamente o exercicio do dereito constitucional antes referido.

Por todo iso, a Xunta de Galicia propónse agora avanzar naquel proceso de racionalización iniciado, co fin de evita-la duplicidade de accións por parte das diferentes administracións públicas; este obxectivo, abordado desde a perspectiva do máximo respecto e reco-

ñecemento da autonomía municipal esixido desde a Constitución e a Carta Europea de Autonomía Local, conduce necesariamente ó protagonismo dos Concellos e tódalas fases do control administrativo da habitabilidade das vivendas situadas no seu termo municipal, de tal xeito que a aquela primeira fase de control sobre o proxecto vía licenza municipal de obras, siga agora o control sobre a obra executada, que se canaliza nesta fase potenciando a verdadeira capacidade de funcionalidade da licenza municipal de primeira ocupación. Deste xeito artículase un sistema integrador que, superando o salto competencial que se operaba coa cédula de habitabilidade, reforza o permanente protagonismo municipal en materia de policía de seguridade, salubridade e ornato dos edificios.

Por todo iso, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda e que polo Real decreto 1.926/1985, do 11 de setembro, se trasladaron á Comunidade Autónoma as funcións e servizos do Estado en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda, é polo que, por proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de novembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPÓÑO:

Artigo 1º

Suprímese, para tódolos efectos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a cédula de habitabilidade como documento acreditativo da aptitude residencial dun inmovible.

O outorgamento da licenza municipal de primeira ocupación dos edificios reconece e ampara a aptitude das unidades residenciais en que poidan dividirse para te-la consideración de vivendas.

Artigo 2º

Tódalas vivendas de nova construción ou creadas pola reconversión de antiga edificación deberán de reunir as condicións mínimas de habitabilidade establecidas no anexo do presente decreto, sen prexuízo dos requisitos adicionais que poidan establece-las ordenanzas dos documentos de planeamento urbanístico municipais, que, en todo caso, recollerán como mínimas as condicións establecidas neste decreto, e do establecido nas normas básicas da edificación.

Artigo 3º

Tódolos proxectos para a construción, rehabilitación, ampliación ou reforma de vivendas que se presenten nos Concellos en solicitude da licenza municipal de obras incluírán na súa memoria a xustificación, realizada polo facultativo redactor daquel e baixo a súa responsabilidade, do cumprimento das condicións mínimas de habitabilidade que figuran como anexo no presente decreto. Os Concellos verificarán esta circuns-

tancia con carácter previo ó outorgamento da licencia municipal de obras e velarán polo seu mantemento ó longo da vida do inmovible.

Artigo 4º

Non obstante o establecido no artigo anterior, as obras de rehabilitación, reforma e ampliación de edificios e vivendas construídas ó abeiro da normativa de habitabilidade anterior ó presente decreto. Poderán exceptuarse do cumprimento daquelas condicións mínimas de habitabilidade contidas no seu anexo a observancia das que veñan impedidas pola configuración física da parcela ou da edificación ou, se é o caso, polos condicionantes establecidos nos instrumentos de protección ós que poideran estar sometidos.

Para tal efecto, os interesados deberán obter, con carácter previo á licencia municipal, autorización da Dirección Xeral de Calidade Mediambiental e Urbanismo, á solicitude da cal deberá unirse un proxecto na memoria do cal se xustifiquen os condicionantes que evidencian a imposibilidade de dar cumprimento á normativa de habitabilidade contida no anexo ó presente decreto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Nos expedientes de habitabilidade iniciados ó abeiro do réxime anterior será de observancia a súa propia normativa reguladora das condicións obxectivas de habitabilidade, o cumprimento das cales se verificará de conformidade co presente decreto a través do outorgamento da licencia municipal de primeira ocupación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o Decreto 240/1989, do 19 de outubro, sobre habitabilidade das vivendas, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o contido do presente decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS:

Primeira.—Autorízase o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de novembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuiña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

ANEXO

CONDICIÓN MÍNIMAS DE HABITABILIDADE QUE DEBERÁN REUNI-LAS VIVENDAS

Primeira: Composición e programa da vivenda.

1.1.—A vivenda contará como mínimo de tres pezas; unha habitación capaz para estar, comer e cociñar, un dormitorio e cuarto de aseo.

Admitiranse estudos dunha soa peza na que a súa superficie útil sexa superior a 26 m² e un cuarto de aseo totalmente independente ó que se acceda a través dun vestíbulo perfectamente diferenciado.

1.2.—As habitacións serán independentes entre si, de xeito que ningunha utilice como paso un dormitorio nin sirva pola súa vez de paso ó cuarto de aseo, excepto o estipulado na ordenanza nº 4 para os cuartos de aseo.

1.3.—Sen prexuízo do establecido na ordenanza 3ª relativa a galerías, tódalas pezas da vivenda terán primeiras luces ó espazo aberto exterior ou a patios interiores exceptuando deste cumprimento os cuartos de aseo, cuartos de baño, despensas e rochos interiores da vivenda.

As estancias terán vistas e recibirán iluminación de espazo exterior aberto ou de patio de rueiro, sexan de uso público ou privado, sempre que o diámetro do círculo inscribible en planta no dito patio de rueiro sexa igual ou superior a 0,7 veces a altura total do edificio de que se trate.

Segunda: dimensións, superficies e alturas mínimas das pezas.

2.1.—As superficies útiles mínimas do salón de estar e comedor, conxuntamente en función do número de habitacións da vivenda serán as seguintes:

—Vivendas de 1 dormitorio, 14 m².

—Vivendas de 2 dormitorios, 16 m².

—Vivendas de 3 dormitorios, 18 m².

—Vivendas de 4 dormitorios, 20 m².

A planta do salón de estar-comedor deberá admitir a inscrición dun círculo de 3 metros de diámetro, debendo ser a distancia mínima entre paramentos enfrontados de 2,50 metros.

2.2.—As superficies útiles mínimas do salón de estar-comedor e cociña, cando constituán unha soa peza, serán as sinaladas na ordenanza 2.1. incrementadas en 2 m², respectando as dimensións mínimas estipuladas no dito apartado.

2.3.—Se a cociña é independente do salón de estar-comedor terá como mínimo 7 m² de superficie útil, que se poderán dividir en 5 m² de cociña e 2 m² de lavadoiro-tendal.

2.4.—A superficie útil mínima de dormitorios indivi-

duais será de 6,00 m² e na súa planta deberá poder inscribirse un círculo de 2,00 m de diámetro.

En toda vivenda deberá existir polo menos un dormitorio de 10,00 m² de superficie útil na planta do que poida inscribirse un círculo de 2,50 m de diámetro.

2.5.—O cuarto de aseo terá unha superficie útil mínima de 2,00 m², cunha distancia entre paramentos enfrontados superior a 1,00 m.

2.6.—Os corredores terán como mínimo un largo de 0,85 metros. Requirirase que no espazo ó que dea a porta de acceso á vivenda sexa inscribible en planta un círculo de 1,10 m de diámetro.

2.7.—As alturas libres mínimas entre pavimento e teito acabados serán como mínimo de 2,50 metros.

2.8.—En vestíbulos, corredores, cuartos de aseo e cuartos de baño, a altura mínima poderá diminuírse ata 2,20 m.

Nas restantes pezas esta altura poderá permitirse, sempre que non sobrepase, como máximo o 30% da superficie útil da peza na que se produza a diminución da altura mínima obrigatoria, debendo manterse, neste caso como mínimo, o volume que lle correspondería de aplica-las superficies e alturas esixidas nos parágrafos anteriores.

2.9.—Nas pezas abufardadas a altura mínima para efectos de cómputo de superficie útil será de 1,50 metros, sempre que a peza teña un volume equivalente ó esixible con carácter xeral nesta normativa.

2.10.—A profundidade máxima das pezas medida perpendicularmente á fonte de iluminación e ventilación será de 7,50 m. Non obstante poderán alcanzarse profundidades superiores sempre que esta dimensión sexa como máximo 1,5 veces o largo da peza.

Terceira: iluminación e ventilación das pezas.

3.1.—Toda peza habitable terá ventilación e iluminación directa ó exterior por medio do oco que dispoña dunha superficie maior ou igual a 1/10 da superficie útil da súa planta.

A superficie real de ventilación poderá reducirse ata 1/3 da de iluminación.

Cando a peza real ventilada teña unha profundidade maior de 7,50 m, a superficie de ventilación e iluminación deberá incrementarse ata 1/6 e a real de ventilación poderá reducirse como máximo ó 50% da súa superficie útil.

3.2.—Os cuartos de aseo, cuartos de baño, despensas e rochos interiores das vivendas poderán ventilarse a través de conductos verticais activados estaticamente.

Será obrigatoria a inclusión dun conducto de ventilación na cociña, activado estaticamente, destinado en exclusiva para este fin.

Cando a cociña estea incorporada ó salón de estar-comedor reforzarse a ventilación mediante calquera procedemento que garanta a extracción de polo menos 20 m³/h por cada metro cuadrado de superficie útil do conxunto das pezas.

As instalacións de ventilación anteriormente descritas só se poderán conectar locais destinados ó mesmo uso.

3.3.—Cando a peza se ventile ou ilumine a través dunha terraza cuberta de profundidade superior a 2,00 metros a superficie de ventilación e iluminación será como mínimo de 1/6 da superficie útil da peza.

As terrazas non poderán ter unha profundidade superior ós 3,00 metros se dan a fachadas ou patios de rueiro e de 2,00 metros se dan a patios de parcela, debendo se-lo seu largo sempre maior ou igual á súa profundidade.

Cando a profundidade conxunta da terraza ou da peza que ventile e ilumine a través dela sexa superior a 7,50 m, a superficie de ventilación e iluminación deberá incrementarse ata 1/5 da superficie útil da peza e a superficie real de ventilación poderá reducirse como máximo ó 50% da anterior.

3.4.—A ventilación e iluminación das pezas con excepción de baños e aseos poderá efectuarse a través de galerías de 1,50 de profundidade máxima; neste caso a superficie de ventilación e iluminación entre peza e galería será maior que 1/6 da superficie útil da peza e a superficie real de ventilación poderá reducirse como máximo ó 50% da anterior.

Cuarta: Programa mínimo sanitario.

4.1.—En tódalas vivendas se instalarán cando menos un cuarto de aseo composto por baño ou ducha, lavabo e inodoro.

Os cuartos de aseo deberán ir revestidos de material impermeable en tódolos seus paramentos.

O acceso ós cuartos de aseo deberá efectuarse obrigatoriamente ó longo de corredores, vestíbulos ou distribuidores, e nunca desde pezas de facer vida, excepto cando a vivenda dispoña de máis de un cuarto de aseo, neste caso os restantes poderán ter acceso exclusivo desde un dormitorio.

4.2.—Tódalas vivendas disporán dun espazo para tendal, xa sexa común ou individual, cunha superficie útil mínima de 1,50 m² por vivenda. Se estes locais dan luces a fachadas ou patios de rueiros, deberán cerrarse con elementos que permitan a ventilación e protegan da vista desde o exterior.

4.3.—As cociñas dotaranse de instalacións de fontanería e desaugadoiro que permitan a conexión de vertedeiro e lavadoiro ou lavadora como mínimo.

Así mesmo dotaranse de instalación eléctrica que permita a conexión de cociña, lavadora e frigorífico como mínimo.

Admitirase que as conexións necesarias para lavadoiros ou lavadoras se sitúen nos lavadoiros-tendais.

4.4.—Tódalas vivendas disporán de auga de consumo que reúna as condicións de potabilidade esixidas na lexislación vixente. Así mesmo disporán dun sistema adecuado para a eliminación das augas residuais.

Quinta: accesos ás vivendas, escaleiras e ascensores.

5.1.—O acceso ás vivendas deberá efectuarse ó longo dun espacio público ou dun espacio común.

Os espacios de acceso ás vivendas deberán ter como mínimo un ancho de 1,20 metros e permiti-lo paso dun rectángulo de dimensións $1,90 \times 0,50$ m en posición horizontal.

5.2.—Nas escaleiras de acceso ás vivendas o largo máximo das tabicas será de 18,00 cm, o largo mínimo das pegueiras será de 27,00 cm sen conta-lo voo sobre a tabica; e a lonxitude mínima dos chanzos será de 1,00 m

O largo mínimo entre paramentos enfrontados, no conxunto da escaleira, será de 2,20 metros.

O número máximo de chanzos nun só tramo será de 16.

5.3.—Nas escaleiras curvas a lonxitude mínima de chanzo será de 1,20 m e estes terán como mínimo unha largura de pegueira de 25 cm, medida a 40 cm da liña interior do pasamáns.

5.4.—As mesetas das escaleiras ás que dean portas de acceso a vivendas ou locais terán como mínimo un largo de 1,20 metros. Nas mesetas intermedias, sen portas de acceso, o fondo será superior á menor lonxitude de chanzo dos tramos de escaleira que dean a elas.

A distancia mínima desde a aresta do chanzo da meseta ata as portas será de 25 cm.

5.5.—Nas escaleiras interiores das vivendas permítese maiores tabicas, menores largos e escaleiras compensadas. Salvo esta excepción, prohibense expresamente as mesetas en ángulo, as mesetas partidas e as escaleiras compensadas.

5.6.—A altura mínima do pasamáns ás escaleiras será de 0,95 m, medidos na vertical da aresta exterior da pegueira.

A separación máxima entre balaústres de varandas e peitorís será de 12 cm. Este tipo de protección será de 12 cm

5.7.—En edificios de vivendas colectivas as escaleiras terán obrigatoriamente ventilación e iluminación directa co exterior en tódalas plantas situadas sobre a rasante, cunha superficie mínima de iluminación de $1,00 \text{ m}^2$ por planta, podendo reducirse a superficie de ventilación a $1/4$ da anterior.

En edificios de vivendas colectivas de ata catro plantas (PB+3P) admitirase ventilación e iluminación cenital, por medio de lucernario que dispoña dunha superficie mínima equivalente de $2/3$ da superficie da caixa da escaleira. Neste caso o oco central da escaleira quedará libre en toda a súa altura e nel deberá poder inscribirse un círculo de 1,10 m de diámetro.

5.8.—No caso de que o percorrido de acceso á vivenda supoña subir ou baixar un desnivel igual ou superior a 10,75 m polo interior do edificio, será obrigatoria a instalación de ascensores en número de un por

cada 20 vivendas. Se o desnivel é de 25,00 m ou maior, o número mínimo de ascensores será de dous.

O desnivel medirase desde a rasante da rúa ata o chan acabado da última vivenda á que se acceda.

Sexta: patios.

6.1.—Defínense dous tipos de patios sobre os que é preceptiva a aplicación desta normativa.

Patio interior.—Patio que ten todo o seu perímetro delimitado por paramentos ou por lindeiros de parcela.

Patio aberto.—Recuado de fachadas a vía pública ou a patio de rueiro no que a súa profundidade, medida normalmente ó seu plano, sexa superior a 1,50 m.

6.2.—Os patios dimensionaranse en función do uso das pezas que ventilen e iluminen a el e as súas dimensións, que estarán definidas polos seguintes parámetros:

D. O diámetro do círculo que se poderá inscribir no patio en toda a súa altura.

H. A altura do patio, medida desde o chan acabado da primeira planta que ventile e ilumine ó seu través ata a coroación superior do paramento vertical que o delimita.

R. A distancia desde o paramento en que se sitúen ocos de ventilación e iluminación ata o paramento vertical enfrontado.

L. Lonxitude da fronte do patio aberto a vía pública ou a patio de rueiro.

P. Profundidade do patio aberto medida normalmente ó plano da fachada.

6.3.—Nos patios interiores ós que ventilen ou iluminen escaleiras, cuartos de aseo, despensas ou rochos interiores de vivenda, o parámetro R será como mínimo $1/6$ do parámetro H, e o parámetro D será como mínimo de 2,00 m.

Nos patios interiores ós que ventilen e iluminen outras dependencias das vivendas, o parámetro R será como mínimo $1/4$ do parámetro H, e o parámetro D será como mínimo de 3,00 m.

6.4.—Para efectos de determina-la dimensión dos patios interiores non se computarán como plantas os remates das caixas de escaleiras, os cuartos de máquinas dos ascensores e os depósitos de auga, únicas edificacións autorizadas para estes efectos e situados por riba da última planta de vivendas.

6.5.—Os patios abertos á fachada cumprirán as seguintes condicións:

—A lonxitude L da fronte aberta será como mínimo $1/6$ da altura H, cun mínimo de 3,00 m.

—A profundidade P será inferior a 1,5 L cando ó patio dean dormitorios ou estancias; para o resto dos casos a profundidade P deberá ser inferior a 2 L.

6.6.—Os patios non poderán ventilar garaxes, nin locais nos que se realicen actividades clasificadas entre as insalubres, molestas, nocivas ou perigosas, salvo que sexan exclusivos para a súa ventilación.

Sétima: instalacións mínimas.

7.1.—En todo edificio de vivendas serán preceptivas as seguintes instalacións:

—Instalación eléctrica segundo o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

—Instalación de auga fría e quente.

—Instalación de desaugadoiros e saneamento de augas residuais.

—Antenas colectivas de televisión e radiodifusión, conforme os requisitos establecidos pola súa normativa reguladora.

7.2.—A designación mínima de auga será de 50 litros por habitante/día, cun mínimo por vivenda de 200 litros por día.

Oitava: normas constructivas.

8.1.—Nas vivendas situadas en contacto co chan garantírase o illamento destas con respecto ó terreo, mediante unha cámara de aire ou capa impermeable de 0,20 metros de espesor mínimo.

Garantírase a impermeabilidade de muros e chan mediante o emprego de materiais e solucións constructivas que eviten a humidade nos ditos elementos.

Novena: condicións específicas en vivendas rurais.

9.1.—Nas vivendas que teñan como anexos cortes ou cortellos, estes estarán illados das viendas e terán obrigatoriamente entradas independentes.

9.2.—Para que as augas pluviais se vertan libremente, sen cano, desde as vertentes das cubertas, requírase a existencia dun beiril de lonxitude mínima de 0,50 m para casas de unha planta e de 0,70 m para casas de dúas plantas.

9.3.—O tratamento individual das augas residuais das vivendas axustarase ós sistemas descritos na Norma Tecnolóxica da Edificación NTE-ISD de 1974 ou a que, se é o caso, a substitúa. En ningún caso será admisible o vertido directo das augas pluviais.

9.4.—Os pozos para abastecemento de auga ás vivendas deberán de distar como mínimo 20,00 m de calquera fosa séptica, esterqueira ou fonte contaminante.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 312/1992, do 12 de novembro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Nigrán (Pontevedra), dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de pavimentación e dotación de servizos urbanísticos na estrada de Ceán.

O Concello de Nigrán (Pontevedra), en sesión celebrada o día 22 de marzo de 1990, aprobou o proxecto

de pavimentación e dotación de servizos urbanísticos na estrada de Ceán, e na sesión do 6 de xuño de 1991 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración da urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A competencia para a declaración da urxente ocupación estalle atribuída á Xunta de Galicia polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e pola alínea B) 4.3 do anexo I ó Real decreto 3.037/1982, do 24 de xullo.

Considérase urxente a execución do mencionado proxecto técnico por tratarse de obras incluídas en programas pertencentes ó Plan Provincial de Obras e Servizos de 1991, nº 124.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día doce de novembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo único.—De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, polo Concello de Nigrán, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de pavimentación e dotación de servizos urbanísticos na estrada de Ceán.

Santiago de Compostela, doce de novembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Resolución do 23 de outubro de 1992 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de outubro de 1992, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Secretaría Xeral de Comunicacions e a modificación das relacións de postos de traballo da Secretaría Xeral do Presidente e das consellerías da Presidencia e Administración Pública, Industria e Comercio e Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

Polo Decreto 277/1991, do 4 de xullo, modificouse o Decreto 15/1990, do 6 de febreiro de estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o De-